



Jorge Castro Adán gaña o Campionato Provincial de Ourense de Caza Menor

O pasado 25 de outubro disputábase no Tecor de Sandiás o Campionato Provincial de Ourense de Caza Menor con can, organizado pola Federación Galega de Caza en Ourense en colaboración coa Sociedade de Cazadores de Sandiás.

Rematado o tempo da proba proclamábase gañador Jorge Castro Adán ao capturar dúas perdices. Os tres seguintes cazadores capturaban unha perdiz e polo tanto o empate desfaciase polo horario de chegada ao control.



Pos.	Participante	Nº Pezas
1º	Jorge Castro Adán	2 perdices
2º	Camilo Pacios Viso	1 perdiz
3º	Roberto Miguelez Saínza	1 perdiz
4º	José Luis Méndez Tesouro	1 perdiz

Estes catro primeiros clasificados participarán no Campionato Galego da modalidade.